



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 3941/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Servizos Sociais/ Servicios Sociales

Asunto do Expediente/ Asunto del Expediente: Matrícula Concilia na tarde 2026 - 2027

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Visto o **Regulamento de funcionamento do servizo Concilia na tarde**, aprobado polo pleno do Concello en sesión celebrada o día 28 de maio de 2026 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 173 de 31 de xullo de 2026.

Visto o **Acordo Regulador do prezo público do Servizo Concilia na tarde**, aprobado polo pleno do Concello en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2026 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 182 de 11 de agosto de 2026.

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Vista a proposta de resolución PR/2026/1622 de 7 de setembro de 2026./ Vista la propuesta de resolución PR/2026/1622 de 7 de septiembre de 2026.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

DECRETOS
Número: 2026-1072 Data: 07/09/2026

Cod. Validación: AND96EQJW4HFOXEA4DFRPWA3
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39 /2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En virtude do tenor das consideracións xurídicas expostas e de acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, **procede resolver:**

Primeiro.- Abrir o prazo para solicitar praza no **Servizo Concilia na tarde**, para o **curso 2026-2027**, que comprenderá dende o día **8 ao 21 de setembro de 2026**, ámbolos dous incluídos.

Segundo.- O número total de prazas dispoñibles no **Servizo Concilia na tarde**, será de sesenta (60), distribuídas da seguinte forma: vinte (20) no CEIP Mato Vizoso, vinte (20) no CEIP Ínsua Bermúdez, e vinte (20) na Escola de Educación Infantil e se establece en cinco (5) o número mínimo de solicitudes necesario para a posta en funcionamento do servizo en cada un dos tres centros educativos nos que se oferta o servizo.

Terceiro.- Publíquese no taboleiro de anuncios do Concello e nos taboleiros dos centros educativos onde se presta o servizo.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**

DECRETOS
Número: 2026-1072 Data: 07/09/2026

Cod. Validación: AND96EQJW4HFOXK4DFRPWA3
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

